

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2362 *Orde AAA/319/2014, do 26 de febreiro, pola que se modifican o artigo 11.4 e o anexo IV do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas (en diante, OCM) e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), recolle no seu artigo 103 septies a obriga, para os Estados membros, de establecer unhas directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás medidas ambientais que formarán parte da estratexia nacional e establece, ademais, un procedemento de tramitación.

O Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011, da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, establece no seu artigo 56, número 1, que, ademais da presentación do proxecto de directrices a que se fai referencia no dito artigo 103 septies, os Estados membros tamén lle notificarán á Comisión calquera modificación das directrices nacionais que estarán suxeitas ao procedemento establecido no dito parágrafo.

Con base niso, as directrices ambientais que se estaban a aplicar en España modificáronse recentemente para a súa aplicación na anualidade 2014 dos programas operativos que se presenten en 15 de setembro de 2013.

Por outra banda, o Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, establece no seu anexo IV as medidas, as accións, as actuacións, os investimentos e conceptos de gastos subvencionables no marco dos programas operativos e os requisitos relativos a eles, en particular as ambientais. Ademais, no seu artigo 11 recolle as normas relativas aos custos específicos, entre eles os relativos ás medidas ambientais, e actualiza a porcentaxe prevista no seu número 4 en función da súa remisión ás directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais.

Por todo iso, é necesario modificar o artigo 11.4 e o anexo IV do citado real decreto, para adaptalo ás novas directrices ambientais que serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2014, salvo para as novas accións introducidas, en que serán de aplicación desde o 2 de setembro de 2013, data de finalización do procedemento establecido pola Comisión Europea.

En aplicación da disposición derradeira segunda do real decreto mencionado, correspóndelle ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a modificación dos custos específicos a que fai referencia o artigo 11 e a modificación do anexo IV como consecuencia de cambios na lista de medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto que cumpran co establecido na normativa comunitaria.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, queda modificado como segue:

Un. O contido do número 4 do artigo 11 substitúese polo seguinte:

«4. O uso dos plásticos oxobiodegradables e biodegradables poderá incluírse como concepto de gasto nos programas operativos, na forma e contía contidas nas directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais, publicadas na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Dous. O número 7 do anexo IV substitúese polo texto seguinte:

«7. Medida dirixida a obxectivos ambientais:

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 60 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condições de subvencionalidade
<p>7.1 Investimentos para loitar contra a erosión en cultivos leñosos (7.1.1).</p> <p>7.29 Incorporación ao solo de restos de poda para mellorar o seu contido en materia orgánica e loitar contra a erosión (7.29.1).</p> <p>7.2 Emprego de técnicas de solarización ou biosolarización (7.2.1).</p> <p>7.3 Instalacións ou melloras de depuración e recuperación da auga (7.3.1).</p> <p>7.4 Mellora de sistemas de rega por outros máis eficientes (modernización de regadíos) (7.4.1).</p> <p>7.5 Recarga de acuíferos, actuacións para reducir o escurremento superficial e evitar enchentes de auga (7.5.1).</p> <p>7.24 Utilización da técnica de sombreado de encoros para frear a evaporación dos recursos hídricos (7.24.1).</p> <p>7.7 Producción ecolóxica: uso de trampas, mosqueiros, depredadores naturais, feromonas, extractos vexetais, microorganismos, plantas repelentes ou calquera outro material de protección vexetal, excluindo produtos químicos respectuosos co ambiente derivados da implantación de técnicas de produción ecolóxica (pagamento baseado en facturas) (7.7.1).</p> <p>7.8 Producción integrada xenérica (pagamento por hectárea) (7.8.1).</p> <p>7.9 Producción integrada: uso de trampas, mosqueiros, depredadores naturais, feromonas, extractos vexetais, microorganismos, plantas repelentes ou calquera outro material de protección vexetal, excluindo os produtos químicos respectuosos co ambiente derivados da implantación de técnicas de produción integrada (pagamento baseado en facturas).</p> <p>7.11 Utilización de planta enxertada en hortícolas para reducir o uso de produtos químicos. (7.11.1).</p> <p>7.25 Uso de trampas, mosqueiros, depredadores naturais, feromonas, extractos vexetais, microorganismos, plantas repelentes ou calquera outro material de protección vexetal, excluindo produtos químicos respectuosos co ambiente utilizados en produción convencional (7.25.1).</p> <p>7.26 Utilización da técnica de embolsamento de melocotón como barreira física fronte a pragas para reducir o uso de produtos químicos (7.26.1).</p> <p>7.30 Utilización da técnica de mondadura en uva de mesa para reducir o uso de produtos químicos (7.30.1).</p> <p>7.31 Implantación de sebes na parcela para favorecer a biodiversidade e o mantemento/restauración da paisaxe (7.31.1).</p> <p>7.12 Instalacións de enerxía renovable (eólica e solar) (7.12.1).</p> <p>7.13 Utilización de medios de produción máis eficientes enerxeticamente (7.13.1).</p> <p>7.14 Coxeración (produción combinada de calor e enerxía) de enerxía a partir de residuos derivados da produción, transformación, acondicionamento do produto para a súa comercialización ou comercialización de froitas e hortalizas (7.14.1).</p> <p>7.15 Custos adicionais pola utilización do ferrocarril ou do transporte marítimo, fronte ao transporte por estrada (7.15.1).</p> <p>7.18 Utilización na explotación de fío biodegradable (7.18.1).</p> <p>7.19 Utilización na explotación de plásticos oxobiodegradables e biodegradables (7.19.1).</p> <p>7.20 Valorización de residuos xerados nas fases de produción, transformación, acondicionamento do produto para a súa comercialización ou comercialización (7.20.1).</p> <p>7.21 Tratamento, recuperación e clasificación de residuos (7.21.1).</p> <p>7.27 Obtención de biogás utilizando residuos orgánicos e subprodutos da produción e transformación de froitas e hortalizas (7.27.1).</p> <p>7.22 Accións de formación e sensibilización ambiental (7.22.1).</p> <p>7.23 Asistencia técnica para levar a cabo accións ambientais (7.23.1).</p> <p>7.28 Análise, asesoría e auditoría para levar a cabo accións ambientais (7.28.1).</p> <p>7.32 Certificación da pegada de carbono (7.32.1)»</p>	<p>As condicións que se teñen que cumprir para todas estas accións son as establecidas nas directrices nacionais para accións ambientais.</p>

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

O disposto nesta orde será de aplicación desde o 2 de setembro de 2013 para as novas accións ambientais introducidas e aplicarase a partir da anualidade 2014 dos programas e fondos operativos.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de febreiro de 2014.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.